

O GALEGO NOS MEDIOS

**Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG)
Observatorio Galego dos Medios (OM)**



*O galego nos medios de comunicación*¹

Só o 3,69% das páxinas de información dos xornais galegos están escritas no idioma propio. Este dato deixa fóra, pois, as páxinas de opinión, nas que a tendencia varía substancialmente dependendo do xornal do que se trate. Ademais, tampouco ten en conta para esa media a Galicia Hoxe, o único diario publicado integramente en galego, xa que engrosaría a cifra até un 10,52%, resultando esta pouco fiel á realidade.

O 96% dos xornalistas que traballan en Galiza sabe falar en galego, e o 87,3% saben escribilo. Ademais, é a lingua habitual do 49,7% dos profesionais da comunicación, e son aínda máis os xornalistas que declaran falar galego (o 76,1%) aínda que adoiten empregar o castelán de xeito cotián. Esta cifra corresponde a un proceso de “valorización” do galego, asociado en certos sectores, segundo o estudo que se manexa, a modernidade e progresismo.

Por que non se usa o galego?

Unha das liñas xerais que rexen o exercicio da profesión xornalística e a produción de contidos para os medios é a desnormativización a nivel interno das empresas de comunicación. En teoría son os libros de estilo os encargados de pautar as características básicas de cada tipo de información producida nos medios, e, dese xeito, trazar as liñas mestras do exercicio da profesión de cada xornalista, mais, na práctica, todo funciona de outra maneira. En Galiza son moi escasos os medios que contan cun libro de estilo, e a súa situación é similar á do resto de medios que non o teñen. A falta de normativización, de unha comunicación interna fluída e clara, fai que sexan outras as vías de transmisión da “cultura” dos medios, dos parámetros de funcionamento profesional e do xeito de transmitir e interpretar a realidade segundo cada medio. As “pautas” de cada medio para o uso do idioma son un claro exemplo desta situación.

As declaracións tomadas a diferentes profesionais que exercen a súa profesión en todo tipo de medios e soportes amosan dúas vías explicativas con respecto ao uso (ou “desuso”) do galego nos medios. Por unha banda, a prohibición directa do uso escrito do galego, con dúas vertentes; mediante o aviso dos superiores (o que, cando menos, reflicte unha certa “honestidade” en canto á política do medio), ou mediante a recomendación de compañeiros da redacción. Reprodúcense declaracións de xornalistas que teñen padecido esta situación²:

-“En canto cheguei á redacción e preguntei á miña xefa se podía escribir en galego, e díxome que se estaba de broma, que aquilo era a sección de economía.”

-“Ao principio redactaba en galego cada noticia, que despois me mandaban traducir, até que me dixeron varios compañeiros que o galego só ía en cultura, e non en todas as noticias.”

¹ Os datos aos que se fai referencia neste artigo (salvo que se indique o contrario) están tomados do informe “A Lingua das Novas” (2004), sobre o uso do galego nos medios, elaborado a encargo do CPXG.

² As declaracións que se inclúen neste artigo pertencen a xornalistas anónimos. Parte delas están extraídas do informe que se menciona na nota 1.

-“En principio podes escribir todo o que queiras pero despois danche o toque.”

Por outra banda, no informe que se manexa sinálase máis ben á asunción e asimilación de rutinas non escritas por parte dos xornalistas. A dirección do medio non explica en ningún momento que se deba escribir preferentemente en castelán, pero fai recomendacións do estilo da que segue:

-“A primeira vez que me limitaron algo foi cando tiveron que facer de correspondente en Sanxenxo, porque o criterio foi o das vendas. Como en Sanxenxo no verán hai máis madrileños que galegos tiña que ir en castelán. Sobre todo se abría a sección ou se o tema era a praia.”

Ante a incerteza, o xornalista límitase (pese a non ter recibido ordes ao respecto) e asume tendencias rutinarias que consolidan o patrón habitual nos medios de comunicación (nomeadamente nos impresos):

-“Autolímítaste porque non sabes onde está ese límite.”

-“Tiña que pesar máis o castelán no global do xornal.”

-“Se eu escribía un texto en galego, o resto escribíao en castelán, para manter o equilibrio.”

Esta tendencia reflicte a presión que os xornalistas sofren, en igualdade de condicións con calquera outro traballador, por conservar o posto de traballo. A necesidade de pelexar polo emprego nun marco laboral altamente competitivo e no que abunda o paro provoca que o profesional se decante pola autocensura para evitar o seu despedimento. O problema é que esa loita polo traballo realízase en detrimento, ao se autocensurar, da liberdade de expresión e de información, así como do dereito da poboación a recibir información veraz; nunha situación provocada por unha engranaxe de normas non escritas que parten, sempre, das xerarquías máis altas.

Os motivos que levan aos xornalistas a empregar case uniformemente o castelán son, pois, moitos e variados. Desde a prohibición directa antes sinalada, á asunción de rutinas, pasando por outros factores que son, en realidade, diferentes manifestacións das liñas xerais dos anteriores.

As xerarquías superiores adoitan empregar máis o castelán que o galego. Tendo en conta que nas redaccións o galego fálase máis canto menor é a franxa de idade, e tomando tamén en consideración que o castelán, sociolingüisticamente, é a lingua do poder económico e social, dáse de peso esta afirmación. Así, a submisión a un xefe castelán falante produce situacións como a seguinte:

-“Se o xefe fala en castelán sénteste máis obrigado a falarlle en castelán que se fala en galego a conversar con el en galego.”

Este razonamento vai tamén unido á situación diglósica que se dá en Galiza, orixinada polas compoñentes do autoodio con respecto á lingua propia e da consideración do castelán como a lingua de prestixio social, creándose unha verdadeira espiral que toca

tamén ás fontes, outro dos motivos máis salientábeis con respecto ao uso prioritario do castelán por parte dos informadores. Segundo outros profesionais:

-“As fontes dan por suposto que falar para un periódico é un acto de nivel e falan en castelán.”

-“O xornalista cambia de idioma ao falar con determinadas fontes e cambian o idioma segundo con quen falan.”

Por que se usa o castelán?

Así, as explicacións sobre o predominio do castelán nos medios son similares ás da falta de galego e mesmo complementarias. O costume, a asunción de rutinas, a simple obriga, o autoodio ou o feito de que as declaracións tomadas ás fontes informativas estean en castelán son algúns dos motivos que explican que os xornalistas deixen de empregar o galego nos medios. Mais hai moitas outras razóns que competen aos medios e ás persoas que dirixen o seu funcionamento.

Un dos motivos que explican esta situación é o feito de, sociolingüisticamente, o castelán é a lingua de prestixio fronte ao galego, asociada á incultura e á falta de poder social e económico. Se hai dúas linguas e unha delas é a de prestixio, esta última terá unha maior credibilidade, que se transmitirá de forma subxectiva en cada información, dándolle, pois, máis contundencia a cada información nese idioma, e máis credibilidade ao medio canto máis use esa lingua de poder.

Sucédense, tamén, unha serie de argumentos construídos no imaxinario colectivo, baseados en prexuízos e dificilmente sustentábeis con datos. Un deses factores é o criterio económico, consecuencia do punto anterior alusivo á sociolingüística. Considérase que a prensa en galego non vende, co que non é unha actividade empresarial rendíbel (argumento imperante que reduce a información e a creación de opinión pública á compra e venda de noticias, sempre en prexuízo da liberdade de información). Sen embargo, un dos profesionais enquisados resposta:

-“Sempre se di que a prensa en galego non vende, aínda que é un pouco contradictorio que argumenten que a prensa en galego non vende cando nunca houbo prensa de masas en galego.”

Outro deses argumentos é o que afirma que o público non entende o galego escrito, e rexeitaría a presenza deste nos medios. Este argumento só é aplicábel á prensa escrita, en tanto que se refire á lectura do galego e en tanto que, en referencia aos audiovisuais, ficaría automaticamente desbotado tento en conta que a maior parte da poboación galega é galego falante (nomeadamente a de maior idade, que é tamén e que máis consume información). Moitos xornalistas explican:

-“A xente non le en galego.”

-“Pensan que a xente o vai recibir mellor en castelán.”

-“É a cultura que foi entrando na xente e esta vaina asumindo.”

Sen embargo, o 68,66%³ da poboación sabe ler en galego, e o 57,64% sabe escribilo. Son porcentaxes que aumentan cada día tendo en conta que as novas xeracións son alfabetizadas en galego, e as xeracións que non o foron son as de maior idade. Ademais, unha enquisa realizada en 2004 a encarga do Consello da Cultura Galega sinala que o 60% dos lectores habituais de prensa aseguran que debería aumentar o galego nas seccións de información e opinión. E, por último, é doado pensar que se a xente toma o costume non lle resultará difícil ler a lingua que fala, e ir adoptando unha nova cultura (contraria á exposta na última das declaracións citadas).

A consideración de que non hai quen saiba escribir en galego nas redaccións é outro dos argumentos baseados en preconceitos. O 100%⁴ dos xornalistas que exercen a profesión en Galiza entende o galego. O 96% sabe falalo, e o 92% sabe lelo. Un 83% dos xornalistas saben escribilo, e este dato aumenta a medida que aumenta o número de licenciados en xornalismo.

Outros factores que poden decantar que un medio use preferentemente o castelán son, por exemplo, unha liña editorial de marcada tendencia españolista; un predominio de xornalistas de ideoloxía coincidente, ou de procedencia allea a Galiza; profesionais de maior idade (é dicir, afeitos desde o franquismo a redactar os seus textos en castelán); a inclusión de un bo número de noticias de axencia, das cales a maioría da produción chega en castelán por tratarse de axencias de carácter estatal ou mesmo transnacional; e un longo etcétera.

O papel das subvencións

Para facer fronte ao problema da falta de superficie redaccional en galego, a política da Xunta de Galicia até o momento ten sido a asignación de subvencións aos medios de comunicación a cambio da inclusión de determinadas cotas de información en galego. A Dirección Xeral de Política Lingüística asignou en 2003 unha partida de 8.734.509 euros á promoción do galego. Aos medios de comunicación foron dirixidas un total de 23 axudas, pero por valor de 6.400.000 euros. Son o 1,2% das axudas ao uso do galego (o resto van dirixidas a empresas, editoriais, centros de formación, concellos, asociacións sen ánimo de lucro, etc.), pero concentran o 73,26% dos cartos que a Xunta adicou nesa partida. Foi imposible para os autores do informe do que toma os datos este artigo saber que cantidade se asignou a cada medio, cando o resto da partida orzamentaria detalla que cantidade foi concedida a cada empresa, concello, asociación sen ánimo de lucro, etc.

A única información proporcionada pola Xunta de Galicia é a referente a que empresas recibiron axudas polo uso do galego. Son, a saber:

- ABC
- AGN
- Editorial Compostela (Galicia Hoxe, El Correo Gallego e Radio Obradoiro)
- Editorial La Capital (El Ideal Gallego, Diario de Arousa, Diario de Ferrol e Diario de Bergantiños)

³ INE, Censo 2001.

⁴ Tüñez/López, 2000.

- El Progreso de Lugo
- Europa Press
- Faro de Vigo
- La Opinión de A Coruña
- La Región de Ourense
- La Voz de Galicia
- Lérez Edicións (Diario de Pontevedra)
- Radio Popular
- Radio Voz
- Rías Baixas Comunicacións (Atlántico Diario)
- Televisión de Galicia
- Revista Sierra

O sistema de control é, simplemente, inexistente. Segundo Normalización Lingüística, o medio propón un convenio de colaboración e a Consellaría dalle o visto e praxe con tal de que “cada ano incrementa paulatinamente o uso do galego nese medio”. Así, cada un deses medios recibiu unha cantidade media de 278.260,86 euros (cifra orientativa pola falta de datos oficiais sobre a cantidade asignada a cada medio) de xeito gratuíto e sen control ningún sobre o seu uso. A falta de rigor no control demostra unha deixadez por parte da administración pública comandada polo anterior goberno da Xunta de Galicia, que, cando menos, indica un desinterese manifesto pola cuestión que se trata. Se non se realiza ningún tipo de auditoría sobre o destino dos cartos, a subvención fica desvirtuada e substráeselle a súa función esencial: promocionar o uso do galego nos medios.

Segundo o informe que se manexa, a porcentaxe de noticias en galego está, ademais, limitada a determinadas seccións, afirmación que tamén confirman declaracións recollidas a profesionais e anteriormente expostas. O 27,56% dos módulos de información publicados en galego corresponden a información de cultura. O 28,85% de sociedade e o 22,12% de política explícanse pola asociación galego-nacionalismo. A maior parte das noticias de política publicadas en galego teñen que ver co partido nacionalista galego maioritario, o BNG. E as noticias de sociedade, con organizacións e asociacións relativamente afíns ou de unha órbita semellante (desde ecoloxistas a agrupacións xuvenís, pasando polas propias entidades en defensa do idioma). Por pñer un exemplo do caso contrario, só o 4,08% dos módulos publicados en galego pertencen á sección de economía.

Solucións

As solucións para invertir a tendencia do reparto lingüístico nos medios de comunicación pasan por múltiples factores, e, desde logo, de forma imprescindible, por unha mudanza na estratexia das subvencións. Se axudas de política lingüística se limitaran a aqueles medios que publican integramente en galego, moitas empresas de comunicación se replantearían o seu futuro.

Outra posibilidade a nivel máis tanxíbel sería a de impoñer porcentaxes por superficie redaccional, importancia das informacións, e sección. Desde logo, non é o mesmo unha noticia de portada que un breve no interior. Tampouco é o mesmo que unha noticia sobre unha escritora galega se publique no seu idioma, que que se faga o mesmo con

unha información sobre a guerra en Iraq, ou sobre unha victoria deportiva na liga de fútbol española ou nun campionato olímpico. Para impoñer cotas sería moi importante valorizar cuantitativa e cualitativamente as noticias a subvencionar.

Tamén sería importante que se castigue aos medios que incumpran as cotas de uso do galego, ou que se premie aos que as exceden.

Todas estas reformas, e outras, conlevarían cambios na percepción social e cultural, interna e externa aos medios, do uso do galego dos medios. É, desde logo, urxente, un cambio no regulamento e na visión xeral que haxa detrás desas mudanzas lexislativas. Só dese xeito se poderá normalizar unha situación lingüística anómala, a de unha lingua minorizada como o galego, antes de que chegue a ser tamén minoritaria.